



Asunto:

Aprobación do período de adaptación na rede de Escolas Infantís Municipais

O Concello da Coruña conta cunha Rede de Escolas Infantís Municipais (REIM) distribuídas por todo o municipio.

O marco xurídico da REIM está recollido no Regulamento de organización e funcionamento das escolas infantís municipais integradas na Rede de Escolas Infantís do Concello da Coruña, publicado no BOP da Coruña, número 33, do 16 de febreiro de 2023.

A REIM ten un dobre obxectivo:

- a) Preferentemente educativo, aínda que non se trate de educación obrigatoria.
- b) Asistencial, como mecanismo de conciliación familiar a atención á infancia.

A prestación do servizo de xestión das Escolas Infantís Municipais realízase a través de empresas de servizos.

Correspóndelle ao Servizo Municipal de Educación (artigo 6 do REIM) a supervisión, coordinación e organización do funcionamento das Escolas e dar as instrucións necesarias, conforme ao que establece o seu marco xurídico.

Neste sentido, a prestación do servizo regúlase na documentación que forma parte do expediente de contratación de cada un dos contratos de servizos. Non obstante, respectando o establecido nos ditos contratos, corresponde ditar instrucións específicas en canto ao funcionamento e coordinación das Escolas para dar un servizo común á cidadanía.

A xornada de adaptación das/os menores de 0-3 anos cando ingresan nunha Escola Infantil Municipal é necesaria. As nenas e nenos deben incorporarse ás escolas infantís de forma progresiva e flexible. O obxectivo é favorecer un vínculo coas educadoras e minimizar o impacto que poida producirles a separación das familias.

É importante, tamén, incorporar a familia á Escola Infantil e que exista un período de información entre a familia e o equipo educativo.

Isto sen deixar de lado a necesidade de conciliación das familias.

É preciso regular o período de adaptación na Rede de Escolas Infantís Municipais, co fin de traballar de forma unificada e de dar un servizo único en todas as escolas municipais que forman parte desta Rede.

A competencia para ditar resolucións nesta materia correspóndelle ao Concelleiro de Educación, Formación e Innovación Tecnolóxica.



En base ao anterior Se resolve

Aprobar o seguinte calendario que se corresponde co funcionamento da REIM e o Período de Adaptación para o curso 2026/2027, que será de obrigado cumprimento en todas as escolas que forman parte da Rede de Escolas Infantís Municipais, en base aos principios e valores que garantan a incorporación das menores de 0-3 anos de forma progresiva e flexible ás Escolas Infantís Municipais e ao de conciliación familiar e laboral por parte das familias.

O calendario é o seguinte:

- **Apertura das Escolas Infantís Municipais: do 4 de setembro de 2026 ao 30 de xullo de 2027.**

As escolas abranse con todos os servizos completos (incluído almorzo, comida e merenda).

- **Horario de apertura: de 07:00 a 17:00 horas. Os/as menores poderán acceder á Escola a partir das 07:30 horas.**
- **Os/as menores que xa estiveron escolarizados en cursos anteriores en algunha das escolas da REIM non precisan período de adaptación**, salvo que voluntariamente o soliciten as familias.
- **Os menores de 0-1 anos, de novo ingreso na REIM, realizarán o seguinte período de adaptación:**

4 e 7 de setembro	1 hora, con presenza dun familiar
8 de setembro	1 hora, sen presenza dun familiar
9 de setembro	2 horas, sen presenza dun familiar
10 de setembro	Ata 4 horas, sen presenza dun familiar
11 de setembro	Ata 4 horas, sen presenza dun familiar
A partir do 14 de setembro	Xornada completa (segundo a matrícula)

O horario concreto de permanencia na Escola será acordado entre as familias e a Dirección do centro, en función das dispoñibilidades de conciliación das familias e no caso de que a Dirección decida realizar grupos máis reducidos nesa semana.



Concello da Coruña

- Os/as **menores de 1-2 e 2-3 anos, de novo ingreso na REIM**, realizarán o seguinte período de adaptación:

4 de setembro	2 horas
7 e 8 de setembro	Media xornada
A partir do 9 de setembro	Xornada completa (segundo a matrícula)

O horario concreto de permanencia na Escola será acordado entre as familias e a Dirección do centro, en función das dispoñibilidades de conciliación das familias e no caso de que a Dirección decida realizar grupos máis reducidos neses días.

- As nenas e nenos con **necesidades educativas especiais** realizarán o período de adaptación que precisen e que se acorde entre a familia, a Dirección e o Servizo Municipal de Educación.”